

MARÍA MAGDALENA

[Garth Davis, 2018]

359

ESTREA EN NUMAX: 23.03.2018 | V.O.S.E. | +7

Mary Magdalene (2017, 120')

Dirección: Garth Davis

Guión: Helen Edmundson, Philippa Goslett

Elenco: Rooney Mara, Joaquin Phoenix, Chiwetel Ejiofor, Tahar Rahim, Denis Ménochet, Shira Haas, Hadas Yaron, Tawfeek Barhom, Charles Babalola, Zohar Shtrauss

Son: James Ashton

Montaxe: Alexandre de Franceschi, Melanie Oliver

Vestuario: Jacqueline Durran

Dirección de arte: Cristina Onori

Música: Hildur Guðnadóttir, Jóhann Jóhannsson

Fotografía: Greig Fraser

Produtoras: See-Saw Films, Porchlight Films, Universal Pictures (Reino Unido)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Lion, 2016

P.I.N.S., 2000

SINOPSE

Retrato humano e real dunha das figuras espirituais máis enigmáticas e incomprendidas da historia. Desde un punto de vista biográfico cóntase a historia de María Magdalena, unha muller descarreirada que busca dar sentido á súa vida. A pesar das xerarquías e regras impostas María Magdalena desafia a súa familia e únese a un novo movemento social liderado por Xesús.

«Unha abraiante actuación de Rooney Mara que presenta esta narración dunha historia familiar»

Linda Marric, HEYUGUYS

ii FILME ESPECIALMENTE
RECOMENDADO PARA
O FOMENTO DA IGUALDADE
DE XÉNERO



“María conecta con algo que a está a chamar pero a sociedade patriarcal na que vive non lle deixa exploralo”

Entrevista con Garth Davis

Por Mathew Toomey

Cada ano saen á luz multitude de biopics, mais non é habitual que se faga un sobre unha persoa nacida hai dous mil anos. O guión non é teu pero de onde partiu a idea, como se chegou ao guión?

Os guionistas traballaron sobre o Evanxeo de San Marcos e o Evanxeo de María Magdalena. Tamén traballaron sobre unha interpretación do de María Magdalena da que non tiñamos noticia antes. Sabemos que foi unha muller caída en desgraza e prostituta, segundo confirmara o papa Gregorio o Grande no ano 591, pero a historia que nós contamos é a que cremos máis precisa.

E por que esta versión? Todo o mundo se sorprende de que esta historia non fose contada aínda. Porque é un fermoso relato que reconece a María Magdalena como unha marabillosa líder espiritual. Xogou un papel fundamental nunha das grandes historias da Historia.

Como te implicas no proxecto?

Foi culpa dun dos meus produtores (riso). Durante a posproducción de *Lion* [2016], Emile Sherman e Iain Canning mandáronme o guión. Quería tomar un descanso pero dixéronme que me ía gustar. Inquietábame facer un filme relixioso pero lin o guión e namorei del.

En Australia cada vez son máis as persoas que se identifican como «non relixiosas». Cal é o target da audiencia deste filme: é para persoas cristiás ou o alcance vai máis aló? Sen dúbida conectará cunha audiencia máis ampla. Eu non tiven unha educación relixiosa e veño de investir bastante tempo da miña vida neste filme porque creo que se conta algo moi humano, moi espiritual. Como *Lion*, celebra o amor incondicional e o perdón. Son temas que, como creador, quero traer ao mundo.

É interesante que contes que non es relixioso. Aprendiches durante o proceso como a historia acaba converténdose en relixión? Intrigábame o feito de que era un mundo que non entendía. Como cineasta, isto emocioname. Sempre me atraeu a relación entre María Magdalena e Xesús. Os detalles da historia funos aprendendo e necesitei entendelos durante o proceso.

Rodaches o filme en inglés, o que o fai máis accesíbel á audiencia media. Como decidiches isto, e como resolviches o tema dos acentos e da maneira de falar dos personaxes?

A lingua común era o arameo, que decidimos empregar como o inglés.

Quería que o público sentise a emoción na pel dos personaxes. Non quería que se sentisen como se estivesen vendo a Canle Historia ou un documental. Vivían nun lugar nómade con xente movéndose continuamente. Encántame a idea de que había xente diversa con educacións e acentos diferentes. Reflicte a sociedade global onde hoxe vivimos.

Non hai moito diálogo no filme. Era así no guión ou foi unha decisión que tomaches? Tampouco había moito diálogo en *Lion*. O que fai única esta historia é a chamada espiritual. María ten unha conexión indiscutíbel con algo que a está a chamar pero a sociedade patriarcal na que vive non lle deixa exploralo. Nese sentido, fala do seu silencio e do que non pode expresar nin entender no momento. Cando ten a coraxe de deixar o fogar para seguir a Xesús as cousas comezan a espertar.

Cóntame do casting. Traballara con Rooney en *Lion* e é unha actriz única. Posúe unha sofisticación e unha atmosfera emocional que se axeitana ao carácter de María. Podes sentir como busca a espiritualidade. E Joaquin é un actor enorme. Pode amosar unha gran paleta de emocións: compaixón, gravidade, medo. Todos eses atributos axudárono a crear un Xesús humano e espiritual a un tempo.

Publicado en thefilm.ie.com
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónatete e ven sempre por 4,5€

Faite NUMAX!